

OS "EDITORES DE COMPOSTELA" SORTEAN A CRISE MANTENDO O NIVEL DE VENDAS DE 2010 NA FEIRA DO LIBRO DE SANTIAGO

- O grupo, creado en 2009 polas editoriais Sotelo Blanco, Positivas e Alvarellos, participou por segundo ano consecutivo nesta Feira cultural compostelá.
- Nesta ocasión, a caseta poñía á venda máis de 150 referencias sobre Compostela e Galicia, pertencentes a oito selos editoriais. Contaron coa colaboración do Consorcio de Santiago e 2.0 Editora e cos fondos da Fundación Caixa Galicia, a USC e Andavira Editora.
- Os títulos máis vendidos foron a *Guía verde de Santiago* (Alvarellos), *Compostela, una historia ilustrada* (Sotelo Blanco), *Poesía* de Lois Pereiro (Positivas) e *Non penses nun elefante* (2.0 Editora).

Santiago, luns 9 de maio de 2011.- O grupo EDITORES DE COMPOSTELA, creado en 2009 polas editoriais Alvarellos, Positivas e Sotelo Blanco, mantivo un notable nivel de vendas na súa participación, por segundo ano consecutivo, e con stand propio, na Feira do Libro de Santiago, que se celebrou na Alameda compostelá entre os días 30 de abril e 8 de maio.

Nesta ocasión, as tres empresas contaron coa colaboración do Consorcio de Santiago e 2.0 Editora. Así mesmo, puxéronse á venda fondos bibliográficos editados pola Fundación Caixa Galicia, a Universidade de Santiago e Andavira Editora. En total, máis de 150 títulos diferentes de oitos selos editoriais.

OS TÍTULOS MÁIS VENDIDOS

Boa parte das referencias foron volumes centrados en Santiago de Compostela. Os títulos máis vendidos foron: *Guía verde de Santiago* (Alvarellos), *Compostela. Una historia ilustrada* (Sotelo Blanco), os poemarios de Lois Pereiro *Poemas 1981-1991* e *Poesía última de amor e enfermidade* (Positivas) e *Non penses nun elefante* (2.0 Editora)

Os promotores sinalan a importancia de ter xuntado "editoras independentes con sede en Compostela con empresas públicas como a USC e o Consorcio de Santiago ou entidades como a Fundación Caixa Galicia. Trátase de poñer ao alcance do público títulos que moitas veces non teñen o protagonismo que merecen ao longo do ano". Así mesmo cualifican de "notable" o nivel de vendas, pois "mantivemos as cifras do ano pasado, e mesmo de algún título achegámonos aos 50 exemplares de venda, o que non é pouco tal e como está a atacar a crise ás industrias culturais".

- Para contactar con EDITORES DE COMPOSTELA:
Paco Macías: 660 397 064
Quique Alvarellos: 609 90 88 52

gotelo blanco
edicions

POSITIVAS

alvarellos
EDITORA

editores de COMPOSTELA

www.editoresdecompostela.com
administración@soteloblancoedicions.com
positivas@edicionspositivas.com | correo@alvarellos.info
Tel. 660 397 064 | 609 90 88 52